



**Colegio  
AMOR DE DIOS**

Avenida de Europa, 21  
36212 VIGO

No proceso educativo o profesorado realiza unha avaliación continuada de aspectos escolares para valorar os progresos do alumnado. Cando é necesario esta avaliación complementase coa valoración do Departamento de Orientación.

## **AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA**

No proceso educativo o profesorado realiza unha avaliación continuada de aspectos escolares para valorar os progresos do alumnado. Cando é necesario esta avaliación complementase coa valoración do Departamento de Orientación. Nesta avaliación participan, segundo o caso, un ou varios membros do departamento e recóllese información doutros implicados (xeralmente da familia, profesorado do centro, e profesionais externos cando é o caso).

Esta avaliación supón a observación do alumno/a e dos seus traballos escolares e ás veces aplícanse probas aptitudinais específicas para coñecer a súa execución en diversas tarefas intelectuais relacionadas co rendemento escolar. Os resultados destas probas serven para detectar e valorar necesidades concretas e puntos fortes nos que apoiar o proceso de aprendizaxe.

## **O VALOR RELATIVO DAS PROBAS APTITUDINAIS**

É importante **desmitificar** os instrumentos de avaliación psicopedagóxica. Empréganse porque teñen certa utilidade para tomar decisións sobre estratexias de intervención cun alumno ou alumna concretos. Pero non son medidas obxectivas con indiscutible valor diagnóstico, nin predictores da evolución escolar.

No mellor dos casos reflicten unha medida **actual** e momentánea das capacidades do alumnado. É importante destacar que estas capacidades evolucionan, e é posible intervir para mellorar os resultados obtidos. A mellor maneira é **sobre-entrenar** as áreas nas que o alumno/a é menos habilidoso.

Para rematar, as capacidades aptitudinais e a marcha escolar non teñen porqué coincidir. Ademais dos procesos mentais avaliados neste tipo de probas, no desempeño académico interveñen outros factores a valorar. Xa fai tempo que algunhas investigacións indican o escaso poder predictivo das probas aptitudinais e defenden a importancia da **Intelixencia Emocional**: a tolerancia á frustración, a demora da

gratificación, a constancia no esforzo, a capacidade para recoñecer e manexar emocións dun mesmo e doutros... son aspectos que, ao parecer, explicarían mellor o éxito académico e profesional.